

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-000239 (2320)**, sobre a distribución duns **folletos de corte claramente homófobo nos centros de ensino** de Galicia.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que limite o reparto e difusión nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto públicos coma privados, de calquera publicación sen contido pedagóxico incluído nos currículos e, nomeadamente, aqueles que supoñan un cuestionamento das políticas de igualdade, liberdade, respecto e non discriminación.

Así mesmo, ínstase ao Goberno a limitar a difusión de todo aquel material de contido ideolóxico, publicitario ou comercial que non teña relación coas programacións educativas. Exclúese desta prohibición o material de contido educativo remitido polas administracións públicas con competencias na materia, así como os contidos relativos ás condicións de traballo no marco da Lei Orgánica de Liberdade Sindical”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2017 17:41:55

César Manuel Fernández Gil na data 18/01/2017 17:42:08

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-000222 (2129)**, sobre a prohibición polo Goberno galego da distribución nos **centros educativos** de Galicia de calquera **publicación** que poña en cuestión a **igualdade das persoas** e, nomeadamente, as políticas de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que limite o reparto e difusión nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto públicos coma privados, de calquera publicación sen contido pedagóxico incluído nos currículos e, nomeadamente, aqueles que supoñan un cuestionamento das políticas de igualdade, liberdade, respecto e non discriminación.

Así mesmo, ínstase ao Goberno a limitar a difusión de todo aquel material de contido ideolóxico, publicitario ou comercial que non teña relación coas programacións educativas. Exclúese desta prohibición o material de contido educativo remitido polas administracións públicas con competencias na materia, así como os contidos relativos ás condicións de traballo no marco da Lei Orgánica de Liberdade Sindical”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2017 17:42:59

César Manuel Fernández Gil na data 18/01/2017 17:43:12